

Bloque 2. Tema 20.

A ditadura de Primo de Rivera

(golpe de Estado e etapas: delimitación temporal e características principais)

A ditadura de Primo de Rivera foi o réxime político que se implantou en España como consecuencia do **golpe de Estado protagonizado polo Capitán Xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, o 13 de setembro de 1923**. O rei Alfonso XIII, en lugar destituir aos militares sublevados **respaldou o golpe**, unindo o seu futuro político ao de Primo de Rivera toda vez que suspendeu a constitución de 1876 e eliminou a lexitimidade democrática. Este réxime **durará ata a dimisión de Primo de Rivera o 28 de enero de 1930**.

Diversos factores explican que a ditadura militar comezara a contemplarse como unha solución á crise entre a alta burguesía, gran parte das clases medias e o exército. En primeiro lugar, cabe citar o **descontento do exército** tras o desastre de Annual, ocorrido en Marrocos, e o afán de evitar as consecuencias do **expediente Picasso** por parte dalgúns importantes xenerais e do propio rei. Tamén foi clave o **auxe dos nacionalismos periféricos**, o crecente apoio das formacións republicanas entre a clase media e un **movemento obreiro moi activo** cun número de afiliados crecente (animados polo recente exemplo da implantación dun Estado comunista en Rusia). **Os atentados terroristas** cun elevado número de vítimas tamén provocaban un forte impacto na opinión pública. Por último, o **triunfo do fascismo Italiano tras a Marcha sobre Roma en 1922** e o ascenso ao poder de Mussolini, que constituiu un importante exemplo para a situación española do momento. Todos estes factores estimularon a Primo de Rivera a presentarse a si mesmo como o **“cirurxián de ferro”** do que falara o rexeneracionista Joaquín Costa. Presentábase como unha solución para os problemas do país (caciquismo, corrupción política, separatismo, terrorismo, guerra en Marrocos...) e con vocación de facelo de forma rápida e excepcional. O seu pensamento político tiña unha base **católica e conservadora, impregnado de militarismo autoritario, populista e influenciado polo fascismo italiano nos aspectos organizativos**.

O réxime da Constitución do 1876 foi substituído no medio da **indiferencia popular**, manifestando unha forte oposición ao novo réxime só o Partido Comunista e as agrupacións anarquistas. Pola súa banda, os socialistas non se opuxeron abertamente ata 1925. A pesar de querer erradicar o caciquismo, o novo goberno recibiría os apoios do bloque de poder que dominou o país durante a Restauración, a oligarquía de terratenentes e industriais.

O goberno personalista de Miguel Primo de Rivera divídese en **dúas etapas**, o Directorio Militar e o Directorio Civil:

1. Directorio Militar (1923-1925): tras o golpe, o ditador Primo de Rivera configurou un **goberno formado exclusivamente por militares.**

O ditador implantou por decreto unha serie de medidas conducentes ao que entendía por rexenerar a vida política, restaurar a orde pública, a defensa da unidade da patria e acabar coa Guerra de Marrocos:

- Declarou o estado de guerra, a supresión das garantías constitucionais e a disolución das Cortes. Estaba a poñer **fin á monarquía constitucional.**
- Substitución das autoridades existentes por outras adictas ao novo réxime. Nomea **delegados gubernativos** que informarán das necesidades dos concellos. O goberno controlou a vida municipal a pesar de ter redactados novos estatutos municipais e provinciais.
- Ao declarar o estado de guerra **restrinxiu as liberdades públicas, o que lle permitiu perseguir ao sindicalismo da CNT** e as actividades de partidos como o comunista, o que se traduciu nunha diminución drástica das folgas. En Cataluña aparece o **Somatén**, que é unha organización formada por paisanos que colaboran coa Guardia Civil para minar a acción do sindicalismo e defender a propiedade privada.
- Decretou a **prohibición das bandeiras e himnos que non foran o español**, de forma que pasou a atacar aos nacionalismo periféricos, restrinxindo o uso da lingua propia deses territorios ao ámbito privado.
- **Creación da Unión Patriótica**, unha organización cívica de apoio ao novo réxime que acabou sendo un partido único baixo a dirección dun militar. Tratábase de seguir o modelo fascista de Mussolini en Italia.
- O grande éxito do Directorio, que contribuíu a súa popularidade, tivo lugar na Guerra de África contra os independentistas do Rif. Nunha contraofensiva conxunta entre os exércitos franceses e españois nos seus respectivos protectorados, prodúcese o **desembarco de Alhucemas**, en 1925, que puxo fin á resistencia das *cabilas* rifeñas. Tras a vitoria española, o líder rifeño, Abd-el-Krim, entregouse ás autoridades do Marrocos francés.

2. Directorio Civil (1925-1930): a finais de 1925, un goberno cívil, presidido por Primo de Rivera, substituíu ao Directorio Militar. Tratábase de institucionalizar a Ditadura, agora con ministros vencellados á Unión Patriótica, como Calvo Sotelo, Aunós ou Yanguas.

Nesta fase da ditadura de Primo de Rivera maniféstase a forte influencia do fascismo italiano á hora de configurar un **réxime político de tipo corporativo**. En 1926, recollendo o modelo social fascista, estableceu a **Organización Corporativa do Traballo**, para arbitrar entre os patróns e obreiros a través da creación de **comités paritarios** presididos por un representante do Goberno. Este modelo busca a superación do conflito de clases a través da mediación do Estado. Parte do principio de que a patronal e as organizacións obreiras deben contribuír ao engrandecemento da nación e polo tanto deben estar subordinados á regulamentación do Estado para conseguir ese fin. En principio vai contar co respaldo das centrais sindicais católicas e mesmo da UGT para a mellora das condicións de traballo e salarios. Publicouse un **Código de Traballo** e tomáronse unha serie de medidas sociais destinadas a mellorar a formación profesional dos traballadores e a superar as necesidades básicas de alimentación e vivenda (casas baratas).

En 1927, consitiúuse una **Asamblea Nacional**, de carácter consultivo e formada polas distintas corporacións do Estado: membros da Unión Patriótica, representantes dos Concellos e Deputacións e sectores económicos elixidos por sufraxio restrinxido. A función desta Asamblea era a de elaborar os proxectos de lei ao Goberno, á imitación do Consello Nacional Fascista italiano. Esta Asemblea fracasou no seu intento de redactar unha lei fundamental que fixera o papel da Constitución da ditadura, que contemplaría unha Asemblea con membros nomeados polo rei, por representación corporativa e un terzo elixidos por sufraxio universal. Tamén a creación dun Consello do reino, un Estado confesional e unha organización territorial única. Presentada en 1929, esta lei fundamental tivo moita contestación e o proxecto foi retirado.

A nivel económico, o réxime primorriverista vai adoptar unha **política proteccionista**, co **intervencionismo do Estado na economía**, creando unha serie de **monopolios estatais**, como CAMPSA ou Telefónica, controlando os prezos e fomentando a produción nacional. Vai potenciar a **modernización das infraestruturas de transporte terrestre, a electrificación e a creación de pantanos** para ampliar as zonas de rega. O Estado convértese así nun actor económico moi importante, impulsando os sectores básicos onde non chega a iniciativa privada.

Para poder facer esta política modernizadora precisa de ingresos pola vía da fiscalidade. Calvo Sotelo, o ministro de Facenda pretendeu unha **reforma fiscal** para introducir os impostos progresivos, pero fracasou pola oposición dos máis ricos. Este fracaso ía a agravar o déficit do Estado e comprometía futuras iniciativas gubernamentais.

A ditadura de Primo de Rivera foi un período de crecemento económico, se ben os

problemas estruturais da economía española van persistir a a gravarse pola chegada da crise económica mundial de 1929.

Nese momento as **críticas ao réxime** foron incrementándose dende varios sectores da sociedade:

- **Estudantes:** a través da FUE (Federación Universitaria Escolar) amosaron o seu rexeitamento a unha reforma dos plans de estudos.
- **Partidos republicanos:** En 1926 fundaron Alianza Republicana e en 1929, en Galicia, a ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma).
- **Anarquistas:** seguiron coa súa política de atentados e radicalizaron as súas accións a través da creación en 1927 da FAI (Federación Anarquista Ibérica), escindida da maioritaria CNT.
- **Partidos nacionalistas periféricos:** van ir radicalizando as súas demandas ante o centralismo do réxime.
- **Liberais:** promoveron un golpe militar contra o réxime, a “Sanjuanada”, e mesmo no propio exército, o corpo de artillería, ao ser disolto, pasou a engrosar as filas dos simpatizantes republicanos.

Ante a falta de apoios entre o estamento militar, **Primo de Rivera dimite en xaneiro de 1930** e marcha cara o exilio. O rei nomeaba xefe do goberno a **Dámaso Berenguer**, outro xeneral, coa intención de restablecer o réxime constitucional de 1876, iniciando así unha fase transitoria que será coñecida como a “Dictabrandia”.